



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 18 de decembro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día dezoito de decembro de dous mil dezoito e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, segundo Resolución de Alcaldía do 17/12/18, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1463).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1464).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE TEIS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE NAVIA, MEIXOEIRO, CANDEAN, A BOUZA, E BALTASAR PUJALES-BOUZAS (LOTE 3 -CAMPO FÚTBOL DE CANDEÁN). EXPTE. 86/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 27 de setembro de 2018, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 1 de outubro de 2018, rematando o prazo de presentación de ofertas o 29 do mesmo mes.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro xeral o 30 de outubro de 2018, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (5 lotes)
2. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. (lote 5)
3. UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT, S.L. (5 lotes)
4. CALFENSA PROYECTOS, S.L. (5 lotes)
5. UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L. (5 lotes)



Concello de Vigo

6. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. (lote 5)
7. ORECO, S.A. (5 lotes)
8. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (5 lotes)

Segundo.- O 29 de outubro de 2018, D. Eduardo García Crespo, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, interpuxo recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local do 27 de setembro de 2018 polo que se aproba o expediente “no extremo relativo á contratación de obras efectuada con respecto ao Campo de fútbol de Candeán” (lote 3).

Terceiro.- A apertura da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (sobre A) tivo lugar na sesión da Mesa de Contratación do 31 de outubro de 2018, na que resultaron admitidos os seguintes licitadores:

1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
2. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
3. UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT (porcentaxe de participación na UTE 60%-40% respectivamente)*
4. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
5. UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 90%-10% respectivamente)*
6. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
7. ORECO, S.A.
8. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

Na mesma sesión procedeuse á apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

Cuarto.- O xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais na data 8 de novembro de 2018 emitiu informe en contestación ao recurso interposto.

Quinto.- Con data do 29 de novembro de 2018 abriuse o sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local o 27 de setembro de 2018 polo que se aprobou este expediente, os pregos que rexen esta contratación e se acordou a apertura do procedemento de contratación.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- b) Carecer de lexitimación o recorrente
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.



Concello de Vigo

- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se ditén como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, tratase dun acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

O recorrente basea a súa impugnación contra a invalidez dos actos preparatorios do contrato invocando os artigos 38b e 39.1 da LCSP (causas de nulidade), en base á falta de dispoñibilidade dos terreos para a execución das obras, polo que se pode deducir que a causa de nulidade na que se basea o recorrente é a prevista no apartado e do artigo 47.1 LPAC (“Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados”).

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar as regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexitimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis por ser titular de dereitos ou intereses lexitimos na súa calidade de titular do monte “A Madroa” (Teis) en réxime de aproveitamento colectivo.

A representación do recorrente, D. Eduardo García Crespo, consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.

- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 27 de setembro de 2018, e publicouse o 1 de outubro, a interposición do recurso de reposición en data 30 de outubro realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e se poidan desestimar, non procede inadmitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo dos mesmos.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houber outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, tendo en conta o estado de tramitación do procedemento no que non había outros interesados, non procedeu dar audiencia.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC).



Concello de Vigo

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O motivo de impugnación recollido no escrito de interposición é a suposta invalidez dos actos preparatorios da contratación das obras con respecto ao campo de fútbol de Candeán, determinante da nulidade de pleno dereito do acordo da Xunta de Goberno local do 27 de setembro de 2018 ao non gozar de dispoñibilidade do terreo no que se executará a obra.

Considera o recorrente que o Concello de Vigo non goza da dispoñibilidade do ben, "requisito este imprescindible para a aprobación do expediente de contratación da obra" e, en consecuencia, di "non se vai poder proceder a dar inicio ao contrato de obras", invocando os artigos 236 e 237 LCSP, 138 e 139RXLCAP referidos á acta de replanto e á comprobación do replanteo.

En relación co recurso presentado, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais na data 8 de novembro de 2018 emitiu o seguinte informe:

"Examinado o recurso de reposición de referencia e o informe dos arquitectos municipais de 7 de novembro de 2018, sobre a natureza das obras contratadas a que se refire o recurso, emítese por este Servizo Xurídico de Servizos Xerais o informe que segue:

1. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, con data 4 de xuño de 1997, acordou rexeitar a clasificación como veciñal en man común do monte "A Guía" e 9,75 hectáreas do monte "A Madroa", dedicadas a zona deportiva, zoo e perreira municipal e acceder, só parcialmente á solicitude de clasificación como tal do monte "A Madroa", nunha extensión de 48,75 hectáreas, correspondéndose con dúas parcelas de 43,37 hectáreas e 5,38 hectáreas respectivamente co deslinde e descripción gráfica incorporados á resolución. Dita resolución deveu firme ao rexeitarse o recurso contencioso-administrativo interposto contra a mesma pola comunidade veciñal.

2. Con data 17 de abril de 2006 a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis interpuxo demanda de Xuízo Ordinario, en exercicio de acción reivindicatoria e cancelación de inscricións rexistradas contradictorias, fronte ao Concello de Vigo, en relación con cinco parcelas municipais sitas en "A Madroa", destinadas a Zoolóxico municipal, campo de fútbol de San Paio, instalacións deportivas do Club de Fútbol Candeán, parcela que empraza parte das instalacións deportivas de "A Madroa" e parcela na que está situada parte do depósito municipal de auga.

3. No dito Xuízo Ordinario, que se seguiu co número 58/2006, ante o Xulgado de Primeira Instancia número 4 dos de Vigo, recaeu, o 20 de outubro de 2006, sentenza estimatoria da demanda.

4. Recorrida a anterior sentenza en apelación polo Concello de Vigo, a Audiencia Provincial de Pontevedra, na súa sentenza 540, de 9 de outubro de 2008, estimou parcialmente o recurso de apelación municipal e, revocando a sentenza apelada, dictou no seu lugar outra

pola que estimando parcialmente a demanda declarou que a parcela do monte A Madroa, descrita no fundamento cuarto, letra e), da demanda “parcela na que está situada parte do depósito municipal de auga” é propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, condenado á demandada a estar e pasar por esta declaración, rexeitando as demais pretensións contidas na demanda.

5. Porén, interposto recurso de casación pola Comunidade de Montes, a Sala do Civil do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza de 19 de maio de 2009, estimou o recurso, casando a sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Entende a Sala de Casación que ao carecer o Concello de Vigo dun título de propiedade específico sobre os enclaves litixiosos, estos deben considerarse comunales porque están incluídos no perímetro do monte A Madroa.

Non obstante, a sentenza de casación contén unha **importante precisión**: a de que o Concello, como posuidor de boa fe, ten dereito, de acordo co artigo 453 do Código civil, a ser indemnizado de tódolos gastos necesarios e útiles realizados nas fincas declaradas de propiedade da Comunidade de Montes, con dereito de retención de tódalas fincas ata que dita indemnización se lle satisfaga ao Concello.

6. Este dereito de retención permite ao Concello continuar na posesión que ven ostentando sobre o campo de fútbol de Candean en tanto que a comunidade recorrinte non abone a esta Administración municipal os gastos necesarios e útiles realizados na parcela ocupada polo campo de fútbol e permite, asimesmo, ao Concello de Vigo, en tanto tal pago non se realice continuar destinando o dito campo de fútbol ao uso deportivo que lle é propio e ao que ven sendo destinado.

Como queira que as obras a que se refire o acordo recorrido son obras necesarias para o adecuado uso e utilización do campo de fútbol, as mesmas teñen a consideración de gastos necesarios, isto é, e seguindo a Díez Picazo, gastos que resultan indispensables para a conservación da cosa e do uso da mesma, os cales comprenden as obras ordinarias de conservación e reparación e os desembolsos realizados para a obtención dos froitos, o que en termos económicos se denominan custes de produción, que no caso de que tratamos serían os gastos necesarios para continuar destinando o campo de fútbol ao seu uso deportivo, en tanto a comunidade recorrinte non cumpra coas súas obrigas de pago.

Así as cousas, o dereito de retención da posesión e uso que a sentenza de Casación recoñece ao Concello de Vigo sobre o Campo de fútbol de Candean, en tanto que a Comunidade de Montes en Mano Común de Teis non cumpra coas súas obrigas de pago para coa Administración municipal, outorga a esta a libre dispoñibilidade do dito campo de fútbol aos efectos de realizar nel as obras necesarias para continuar co uso deportivo a que o campo ven sendo destinado, sen que resulten de aplicación as sentenzas que a recorrinte cita, as cales se refiren a supostos de feito que non gardan relación co que nos ocupa.

Procede, daquela, na opinión deste Servizo Xurídico, a desestimación do recurso”.

Segundo o indicado no informe transcrito, “o dereito de retención da posesión e uso que a sentenza de Casación recoñece ao Concello de Vigo sobre o Campo de fútbol de Candean, en tanto que a Comunidade de Montes en Mano Común de Teis non cumpra coas súas obrigas de pago para coa Administración municipal, outorga a esta a libre dispoñibilidade do



Concello de Vigo

dito campo de fútbol aos efectos de realizar nel as obras necesarias para continuar co uso deportivo a que o campo ven sendo destinado, sen que resulten de aplicación as sentenzas que a recorrente cita, as cales se refiren a supostos de feito que non gardan relación co que nos ocupa”, o Concello de Vigo si ten a dispoñibilidade dos terreos. Para tal efecto, consta no expediente:

1. Informe favorable da oficina de Supervisión de Proxectos do 8 de maio de 2018 (artigo 235 da LCSP)
2. Acordo da Xunta de Goberno local do 21 de maio de 2018 de aprobación do “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CANDEÁN” (expte. 3793/443)
3. Acta de replanteo asinada polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 3 de agosto de 2018, unha aprobado o proxecto e con carácter previo á aprobación do expediente de contratación da obra (artigo 236 da LCSP)

Tendo en conta o anterior, constan no expediente todas as actuacións preparatorias do contrato de conformidade co previsto nos artigos 231 a 236 da LCSP, polo que non concorre a causa de nulidade invocada polo recorrente.

-V-

Suspensión

En relación coa solicitude de suspensión do acordo de aprobación do expediente, cómpre indicar que o artigo 117 da LPAC establece que “a interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. No entanto o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta Lei”.

A execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorrido un mes desde que a solicitude de suspensión tivera entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para decidir sobre ella, o órgano a quen competa resolver o recurso non tivera dictado e notificado resolución expresa ao respecto”.

En consecuencia, a tramitación do lote 3 (Campo de fútbol de Candeán) do contrato atópase suspendida ao non terse resolto o recurso no prazo previsto legalmente.

No entanto, tendo en conta o informe emitido polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e a documentación que consta neste expediente (86-441) e nos expedientes 3787-

443 e 3793-443 onde figuran cumpridos todos os requisitos esixidos legalmente respecto dos actos preparatorios do contrato, cómpre levantar a suspensión do procedemento co fin de evitar prexuízos de difícil ou imposible reparación aos licitadores admitidos neste procedemento ao non concorrer ningunha causa de nulidade de pleno dereito das previstas no artigo 47.1 da LPAC.

-VI-

Acordo

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto dealzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Admitir o recurso de reposición interposto o 29 de outubro de 2018 por D. Eduardo García Crespo, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, no procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (PCAP)

2º.- Desestimar o citado recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe.

3º. Levantar a suspensión do procedemento".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1465).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR FIELDTURF POLIGRAS, S.A. CONTRA OS PREGOS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE NAVIA, MEIXOEIRO, CANDEAN, A BOUZA, E BALTASAR PUJALES-BOUZAS. EXPTE. 86/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 27 de setembro de 2018, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 1 de outubro de 2018, rematando o prazo de presentación de ofertas o 29 do mesmo mes.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro xeral o 30 de outubro de 2018, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (5 lotes)
2. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. (lote 5)
3. UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT, S.L. (5 lotes)
4. CALFENSA PROYECTOS, S.L. (5 lotes)
5. UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L. (5 lotes)
6. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. (lote 5)
7. ORECO, S.A. (5 lotes)

8. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (5 lotes)

Segundo.- O 29 de outubro de 2018, D. Eduardo García Crespo, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, interpuxo recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local do 27 de setembro de 2018 polo que se aproba o expediente “no extremo relativo á contratación de obras efectuada con respecto ao Campo de fútbol de Candeán” (lote 3).

Terceiro.- O 31 de outubro de 2018, D. Josep Cinca Ballara, en nome e representación de FIELDTUF POLIGRAS, S.A., interpuxo recurso de reposición contra o anuncio de licitación, os pregos e os proxectos que rexen esta licitación.

Cuarto.- A apertura da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (sobre A) tivo lugar na sesión da Mesa de Contratación do 31 de outubro de 2018, na que resultaron admitidos os seguintes licitadores:

1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
2. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
3. UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT (porcentaxe de participación na UTE 60%-40% respectivamente)*
4. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
5. UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 90%-10% respectivamente)*
6. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
7. ORECO, S.A.
8. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

Na mesma sesión procedeuse á apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

Quinto.- O 7 de novembro de 2018 os arquitectos da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiron informe en contestación ao recurso interposto.

Sexto.- Con data do 29 de novembro de 2018 abriuse o sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de decembro de 2018 iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT.

Oitavo.- O 17 de decembro de 2018 a Mesa de Contratación formulou proposta de clasificación para todos os lotes agás o lote 3, suspendido automaticamente ao non ter resolto no prazo dun mes a solicitude de suspensión formulada no recurso de reposición interposto pola Comunidade de Montes de Candeán.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación o anuncio de licitación, os pregos e os proxectos que rexen esta licitación.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- b) Carecer de lexitimación o recorrente
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, tratase dun acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

O recorrente basea a súa impugnación na vulneración do principio de concorrencia por entender que os requisitos técnicos da superficie deportiva son restritivos da competencia e por non ser adecuada a clasificación esixida para o obxecto do contrato, así como na vulneración dos principios de transparencia e igualdade ao entender que os criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor son “vagos e amplos” e non permiten coñecer que será obxecto de valoración.

Indica o recorrente que a “falta de concreción dos subcriterios que servirán para valorar as ofertas é nula de pleno dereito de conformidade co previsto nos artigos 39.1 da LCSP e 47.1a) da Lei 39/2015”. Respecto dos demais motivos de impugnación, ao non concorrer ningunha das causas de nulidade do artigo 47 LPAC, dedúcese que o recorrente se ampara na súa suposta anulabilidade.



Concello de Vigo

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar as regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexitimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a FIELDTUF POLIGRAS, S.A. por ser titular de dereitos ou intereses lexitimos na súa calidade de potencial licitador.

A representación do recorrente, D. Josep Cinca Ballara, consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é o anuncio de licitación, os pregos e os proxectos, publicados o 1 de outubro 2018, a interposición do recurso de reposición en data 31 de outubro realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e se poidan desestimar, non procede inadmitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo dos mesmos.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).

- Se houber outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Para os efectos de dar cumprimento ao previsto no citado artigo, o 12 de novembro de 2018 deuse traslado do recurso aos licitadores presentados a este procedemento. Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Os motivos de impugnacións recollidos no escrito de interposición son os seguintes:

- **Alegación primeira.- Vulneración do principio de concorrencia: os requisitos técnicos da superficie deportiva previstos nos apartados relativos ao pavimento deportivo e o orzamento das memorias construtivas son restritivos da competencia**

Alega o recorrente que os proxectos das obras incluídas neste procedemento non se limitan a esixir uns requisitos técnicos de acordo coa referencias técnicas elaboradas por organismos de homologación (ex. UNE EN 15330-1 e FIFA QUALITY) senón que ademais esixe unha determinada fabricación de céspede artificial e, en concreto, que o mesmo sexa mixto con combinación de monofilamentos, prevéndose expresamente que non se admitirán céspedes con sistemas dun único tipo de fibra monofilamento. Alega así, mesmo que a concreción dos requisitos técnicos que deberá cumprir o produto a subministrarse “non consta xustificada no informe xustificativo cando así debería haber sido” nin nas memorias construtivas.

A este respecto cómpre indicar que, en cumprimento do artigo 116.4 da LCSP o anexo I (FEC) do PCAP recolle as necesidades a satisfacer pola Administración a través deste contrato. Se ben isto nada ten que ver coa xustificación dos requisitos técnicos que deberán ser obxecto do prego de prescricións técnicas particulares (PPTP). De conformidade co artigo 124 da LCSP os PPTP conterán as prescricións técnicas particulares que teñan que rexer a realización da prestación e definan as súas calidades, as súas condicións sociais e ambientais, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a propia Lei.

O artigo 126 da LCSP regula as “Reglas para o establecemento de prescricións técnicas”. Se ben, como correctamente indica o recorrente, o apartado 6 do citado artigo establece “agás que o xustifique o obxecto do contrato, as prescricións técnicas non farán referencia a unha fabricación ou unha procedencia determinada, ou a un procedemento concreto que caracterice aos produtos ou servizos ofrecidos por un empresario determinado, ou a marcas,



Concello de Vigo

patentes ou tipos, ou a un orixe ou a unha produción determinados, coa finalidade de favorecer ou descartar certas empresas ou certos produtos”, o apartado 2 do artigo tamén di “as prescricións técnicas poderán referirse ao proceso ou método específico de produción ou prestación das obras, os subministros ou os servizos requiridos, ou a un proceso específico doutra fase do seu ciclo de vida, segundo a definición establecida no artigo 148, incluso cando ditos factores non formen parte da substancia material das obras, subministros ou servizos, sempre que estean vinculados ao obxecto do contrato e garden proporción co valor e os obxectivos deste”.

Conclúe o recorrente que o requirimento do sistema TUFTING mixto con combinación de monofilamentos por parte do órgano de contratación non vén determinado por unha motivación técnica.

A este respecto os arquitectos da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiron o 18 de decembro de 2018 o seguinte informe:

“ALEGACIÓN PRIMEIRA:

Sobre a vulneración do principio de concurrencia, por considerar que os requisitos técnicos da superficie deportiva previstos nos apartados relativos ó pavimento deportivo e o presuposto das memorias constructivas son restrictivos da competencia.

Céntrase esta alegación na descrición do céspede artificial recollida nos proxectos referidos, e máis concretamente na seguinte característica definida na descrición da memoria constructiva e no orzamento do proxecto:

“...céspede artificial fabricado mediante sistema TUFTING mixto con combinación de monofilamentos (non se admiten sistemas cun único tipo de fibra monofilamento).”

O recurso potestativo presentado refire os seguintes aspectos na súa alegación primeira:

- A consideración de que esta definición na prescrición constitúe a creación de obstáculos inxustificadas na apertura da contratación pública á competencia.
- A consideración de inxustificada esta prestación por non aportar mellora algunha ó sistema no referido ós requisitos técnicos.
- A suposta diferenza existente entre a descrición do material previsto nos apartados de pavimento deportivo e de presuposto das memorias constructivas co previsto no Prego de Prescricións técnicas (PPT) no que se indica que o pavimento a instalar contará ca certificación UNE-EN 15330-1:2014 e ca homologación FIFA QUALITY.

- CONSIDERACIÓNS DO EQUIPO REDACTOR DO PROXECTO:

En primeiro lugar, ten que indicarse que a característica referida "sistema mixto con combinación de monofilamentos" non introduce unha distinción nas propiedades mecánicas ou físicas do pavimento deportivo, que son definidas con precisión polos restantes

parámetros recollidos na descrición da partida, se non que supón a introdución dunha característica engadida de compoñente estética, buscando unha percepción visual do acabado o máis próxima posible á que ofrece unha superficie de céspede natural. Esta non é unha cuestión menor, e de feito gran parte das empresas produtoras deste tipo de solucións, entre elas a propia Fieldturf Poligras que interpón o Recurso, recollen entre as características dos seus produtos a constante búsqueda dunha aparencia do acabado final ó máis próxima posible o aspecto do céspede natural. Certamente, o aspecto dunha instalación destas características depende en gran medida da superficie deportiva, sendo esta aproximación á imaxe dun acabado de céspede natural unha pretensión extendida en tódolos produtores do sector.

Convén lembrar que a definición dun elemento construtivo non se limita á descrición daquelas características que permitan garantir ó cumprimento da súa función, se non que teñen que considerarse outros aspectos que tamén inciden na percepción e posta en valor do mesmo por parte dos usuarios. Por exemplo, a descrición dunha partida de lámina de zinc a instalar nunha cuberta non se limita ás súas características mecánicas, espesor ou modo de execución, se non que existen múltiples opcións de cor e acabado da pátina final das que o proxectista pode dar conta se quere obter unha imaxe precisa do acabado final. Neste caso, a vontade do equipo redactor do proxecto é polo tanto a de acadar unha imaxe diferenciadora deste conxunto de intervencións respecto ás que se teñen executado ata o de agora en outros terreos de xogo, de xeito que estas constitúan unha nova referencia en canto á calidade (tamén en termos estéticos) das instalacións municipais.

Con relación á suposta restrición desta definición en termos de competencia, e unha vez consultadas varias páxinas web de produtores de solucións de pavimentos deportivos para instalacións destas características, compróbase que existen diversos fabricantes que optan pola solución do sistema mixto de monofilamentos para acadar esa aproximación máis realista ó acabado do céspede natural, polo que non semella que a definición deste aspecto poida ser considerada coma un obstáculo inxustificable de cara á competencia, sendo máis ben unha opción que recolle unha das tendencias estéticas máis recentes no mercado de produción de céspede artificial. A definición desta característica non fai referencia a unha fabricación ou unha procedencia determinada, nin é un procedemento concreto que caracterice ós produtos ou servizos ofrecidos por un empresario determinado, nin unha marca, patente ou tipo, que puidera constituír unha condición de exclusividade no mercado. Pero isto non quere dicir que tódalas empresas produtoras teñan posibilidade de cumprir con este requisito, do mesmo xeito que haberá fabricantes que, polas características dos seus produtos, non poderán acadar outros dos requisitos e/ou características técnicas definidas no texto da partida.

En canto á suposta diferenza existente entre a descrición da partida de proxecto e as certificacións UNE-EN 15330-1:2014 e ca homologación FIFA QUALITY esixidas no PPT, non se aprecia contradición algunha entre ambas, sendo complementaria a descrición polo miúdo da partida recollida no presuposto e as certificacións esixidas.

Finalmente, ten que salientarse que o conxunto de Proxectos relativos á renovación do céspede e instalacións que serven de base ás correspondentes licitacións obxecto de Recurso teñen sido previamente revisados pola correspondente Oficina de Supervisión de Proxectos desta Administración, sen que se apreciase deficiencia algunha nalgún dos aspectos referidos”.

- **Alegación segunda.- Vulneración do principio de concorrencia e restrición da competencia: a clasificación esixida non é adecuada para o obxecto do contrato**



Concello de Vigo

Indica o recorrente que a clasificación esixida no PCAP “non é a adecuada para a construción de campos de fútbol artificial, posto que se ben non existe un subgrupo específico para a construción de campos de fútbol, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado indicou que a clasificación a requirirse para estes casos é a do Grupo G, Subgrupo 6”. Alude para iso ao informe 17/2013, do 1 de decembro.

En primeiro lugar, cómpre aclarar que o PCAP só esixe clasificación obrigatoria aos licitadores que se presenten a unha combinación de dous ou máis lotes. Isto é, para aqueles licitadores que só se presenten a un lote, a clasificación só é alternativa.

A clasificación resulta obrigatoria, pois, para as combinacións de dous ou máis lotes no grupo C - subgrupo 2- e grupo I -subgrupo 1-, coas categorías indicadas no prego en función do número de lotes aos que se presente o licitador.

Aclarado isto, en efecto, as clasificacións esixidas no PCAP non son adecuadas para a construción de campos de fútbol artificial porque ese non é precisamente o obxecto deste contrato. Segundo o PCAP e os proxectos aprobados as obras consisten, esencialmente, na renovación do céspede artificial co detalle indicado nos propios proxectos. En concordancia con isto, os CPV previstos no PCAP non se refiren a construción de campos de fútbol senón a:

- Traballos de explanación para campos de deporte (45236110-4)
- Traballos de instalación de sistemas de iluminación e sinalización (45316000-5)
- Traballos de instalación de caldeiras (45331110-0)

As clasificacións esixidas no PCAP están xustificadas na memoria xustificativa do 6 de agosto de 2018 de conformidade co artigo 25 do RXLCAP.

Á vista do anterior, calquera licitador podería presentarse a calquera dos lotes sen posuír clasificación ningunha, polo que a clasificación indicada no PCAP non restrinxe a competencia.

- **Alegación terceira.- Vulneración dos principios de transparencia e igualdade: os criterios de adxudicación a valorar mediante xuízo de valor previstos na folla de especificacións non permiten coñecer que será obxecto de valoración por ser vagos e amplos**

Indica o recorrente que os criterios de adxudicación non concretan como serán valorados cada un dos aspectos a incluír no sobre B. A este respecto cómpre indicar:

Prevé o artigo 145.5 que os criterios que han servir de base para a adxudicación do contrato estableceranse nos PCAP e deberán figurar no anuncio que sirva de convocatoria da licitación, debendo cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estarán vinculados ao obxecto do contrato
- b) Deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada
- c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan

comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida na que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores

Agás cando se tome en consideración o prezo exclusivamente, deberá precisarse no PCAP a ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración, que poderá expresarse fixando una banda de valores cunha amplitude máxima adecuada (artigo 146.3 da LCSP)

Para dar cumprimento aos citados preceptos o PCAP contempla como criterios avaliábles mediante xuízo de valor os seguintes:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE A IMPLANTAR NA EXECUCIÓN DA OBRA

A.3.- PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS

Detalla o propio prego os apartados que deberá comprender cada criterio e, dentro de cada apartado, os correspondentes contidos coa porcentaxe de ponderación de cada un dentro do criterio.

A maiores, o PCAP contempla uns requisitos de presentación da documentación e as regras de puntuación dos citados criterios nos seguintes termos:

1. "Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan adecuadamente os contidos indicados con análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e coa representación gráfica adecuada. O peso específico dos contidos na puntuación detállase no citado apartado 7.A desta FEC.
2. Descontarase da puntuación máxima prevista en cada apartado, a porcentaxe indicada en cada contido (apartado 7.A desta FEC), por cada un destes no caso de que a proposta para ese contido non se desenvolva de forma adecuada e coherente co obxecto do apartado a avaliar. Os descontos indicados serán acumulativos.
3. A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define este expediente.
4. Cando a documentación de cada criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, número de follas máximas descritas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao citado criterio".

Á vista do anterior, conséntase que o prego indica con claridade non só os criterios que serán obxecto de valoración, os seus apartados e contidos coa correspondente ponderación, senón tamén aqueles aspectos que serán tidos en conta para outorgar a máxima puntuación (punto 1), os descontos aplicables (punto 2), os supostos nos que non



Concello de Vigo

se outorgará puntuación polos motivos indicados (punto 3) e a penalización coa redución da puntuación á metade por incumprimento do requisitos de presentación (punto 4).

Aclarado o anterior:

- Non é certo que o prego unicamente recolla “a información que deberá incluírse na memoria e a porcentaxe que suporá na valoración de dito punto”, como indica o recorrente.
- Os criterios, os subcriterios e a súa ponderación recóllense expresamente no PCAP para coñecemento de todos os licitadores, así como os factores que se tomarán en consideración para seleccionar a mellor oferta e a súa importancia, evitando criterios abertos e imprecisos que deixen plena liberdade aos técnicos e á mesa de contratación no proceso de valoración das ofertas, en liña co criterio establecido polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa Resolución 132/2015, do 6 de febreiro.
- En coherencia co previsto na resolución 102/2013, do 6 de marzo do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, invocada polo recorrente, o prego contempla a escala de puntuación que será aplicable para valorar as memorias. En efecto, non só enuncia os criterios a valorar senón a ponderación da cuantificación de cada un deles, polo que non se pode alegar descoñecemento por parte dos licitadores de como se vai valorar cada criterio, o que como ben indica o recorrente comportaría un incumprimento do principio de non discriminación, xa que podería xerar arbitrariedades e desigualdades entre os licitadores.

A resolución invocada polo recorrente refírese a un suposto no que a comisión técnica que valora as ofertas atribúe unha puntuación aos subcriterios que non figuraba nos pregos, polo tanto, descoñecida para os licitadores. A falta de concreción das puntuacións nos pregos deixa enteira liberdade á discrecionalidade técnica dos órganos de valoración, pero isto non pode ser aplicable ao suposto que nos ocupa polos motivos ata agora expostos.

- A maior abundamento, a Resolución 203/2016 recoñece certo grao de discrecionalidade da entidade contratante para integrar os criterios de valoración subxectivos ou dependentes dun xuízo de valor, con remisión á Resolución 1160/2015, do 18 de decembro, na que se precisa, respecto do nivel de detalle que deberá terse en conta que cando se trata de criterios suxeitos a xuízos de valor “a descrición será sempre e necesariamente subxectiva, pois noutro caso estaríamos ante criterios avaliábles mediante fórmulas” (resolución nº 923/2014). “A esencia dos criterios dependentes dun xuízo de valor estriba precisamente na existencia dunha actividade subxectiva de quen realiza a análise, actividade que non pode ser arbitraria, pero que tampouco pode ser matemática”.

Á vista do anteriormente exposto non concorre a falta de concreción dos subcriterios que servirán para valorar as ofertas alegada polo recorrente, polo que non se vulneraron os principios de transparencia e igualdade.

-V-

Acordo

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Admitir o recurso de reposición interposto o 31 de outubro de 2018 por D. Josep Cinca Ballara, en nome e representación de FIELDTUF POLIGRAS, S.A., no procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (PCAP)

2º.- Desestimar o citado recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1466).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE NAVIA, MEIXOEIRO, CANDEAN, A BOUZA, E BALTASAR PUJALES-BOUZAS(LOTES 1,2,4 E 5).EXPTE. 86/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) (lotes 1, 2, 4 e 5)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT dos lotes 1, 2, 4 e 5, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1, 2, 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

Lote nº 1: Campo de Navia:

	Empresas	Puntuación
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	85,81
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,15
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	21,79

Lote nº 2: Campo de Meixoeiro:

	Empresas	Puntuación
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,06
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	72,84
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04

Lote nº 4: Campo de A Bouza:

	Empresas	Puntuación
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,09
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,09
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04

Lote nº 5: Campo de Baltasar Pujales Bouzas:

	Empresas	Puntuación
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,06
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,11
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04
5	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.	20,04
5	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	20,04

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 4 e 5, UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo das garantías definitivas esixibles de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1467).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 327/2202.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 17/12/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202)



Concello de Vigo

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202) na seguinte orde descendente:

	<u>LICITADOR</u>	<u>PUNTUACIÓN TOTAL</u>
1º	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.	81,05
2º	NORPREVENCIÓN, S.L.	63,88
3º	CONSULTORÍA INTEGRAL DE PRL, S.L.	62,62
4º	ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.	52,98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que para acreditar a solvencia técnica e a habilitación profesional deberán ter en conta o esixido nos apartados 5C e 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1468).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE V, DESDE TRAVESÍA DE VIGO Á RÚA PADRE CELSO. EXPTE. 74/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	98,40
2	CIVIS GLOBAL, S.L.	95,51
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	94,80
4	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	94,30
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	92,02
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	91,29
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,14
8	ORECO, S.A.	88,43



Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,78
10	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	86,77
11	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	81,91
12	COPCISA, S.A.	78,67
13	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	55,54

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, o día 27 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, como a solicitada de oficio

pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de outubro de 23 de novembro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) por un prezo total de 737.265,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 127.955,17 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1469).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. GREGORIO ESPINO, FASE III. EXPTE. 75/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 13/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	95,04
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	94,75
3	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,29
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	93,49
5	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL - MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	91,37
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,26
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,70

	Licitadores	Puntuación
8	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	88,39
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,77
10	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	85,17
11	ORECO, S.A.	85,03
12	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	74,77
13	COPCISA, S.A.	73,83
14	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	30,60

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., o día 27 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de decembro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5 e 21 de novembro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441) por un prezo total de 1.028.784,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 178.549,35 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1470).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DA RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. EXPTE. 11345/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

5.- Apertura técnica e económica/Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que segundo se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 11 de decembro de 2018 non se presentou ningunha oferta para este procedemento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446)

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 11 de decembro de 2018:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 22-11-2018, para a contratación por procedemento aberto da “Retirada e xestión de residuos vexetais das labores de poda de mantemento de zonas verdes levadas a cabo polo servizo de Montes, Paques e Xardíns do Concello de Vigo. EXPTE. 11345-446” que rematou o día 7 de decembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha empresa”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para este procedemento, como consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 11 de decembro de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1471).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA PALA RETROCARGADORA MIXTA PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 13038/445.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

5.- Apertura técnica e económica/Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para contratación por procedemento aberto simplificado do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445).

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 13 de decembro de 2018 só se presentou un licitador a este procedemento: IBERGRÚAS, S.A.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 13 de decembro de 2018 acordou excluír deste procedemento a IBERGRÚAS, S.A. por exceder o prezo da súa oferta do orzamento base de licitación previsto no apartado 3A do Anexo I PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2B).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado foi excluído do procedemento por ter presentado unha oferta que excede do orzamento base de licitación, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445) por terse excluído ao único licitador presentado por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1472).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9688/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a titular da Asesoría Xurídica, e o concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPA)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de abril de 2015 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante a XGL) acordou:

“Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

A execución do contrato comezou en data 1 de maio de 2015, segundo a cláusula 4 do contrato, e terá unha duración de 4 anos a contar desde esta data, podéndose prorrogar a súa duración por períodos anuais ata un máximo de dous, previo acordo expreso do órgano de contratación.

Segundo.- En data 13 de maio de 2016 a XGL acordou a modificación do citado contrato (expediente 8732-446) nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016.

Terceiro.- En data 11 de novembro de 2016 (doc no 160152763), don Alfonso Clemente González, en nome e representación de FERROVIAL SERVICIOS SA, solicita en escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello que se proceda á revisión do prezo deste contrato.

O xefe de servizo de Parques e Xardíns, na data 7 de setembro de 2018, elabora a Memoria económica da revisión de prezos solicitada, que é aprobada pola XGL en data 27 de setembro de 2018.

Cuarto.- En data 11 de outubro de 2018 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que “producíronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por incremento de superficie en parques infantís ampliados, en incorporación de novas áreas recepciónadas ou de nova instalación en fase de execución da obra, incremento de unidades de bebedeiros, incremento de unidades de bancos, e o incremento ou detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables”. E en consecuencia, propón a modificación do contrato.

Quinto.- En data 8 de novembro de 2018, a XGL acordou aprobar o inicio do expediente de modificación deste contrato.

Sexto.- En data 22 de novembro de 2018, D. Jorge Pérez, en nome e representación de FERROVIAL SERVICIOS, SA, manifesta a súa conformidade á modificación proposta, no prazo de trámite de audiencia conferido ao efecto. Axunta o seu escrito o documento de constitución do aval complementario na Tesourería municipal por importe de 930,86 euros, con nº operación 201800093710.

Sétimo.- En data 13 de decembro de 2018, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, emite informe complementario do citado no apartado cuarto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).



Concello de Vigo

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros
- Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e unidades de bancos ou bebedeiros obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adjudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación:

- O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación, mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, etc.

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola variación da superficie dos parques infantís e áreas biosaudables municipais obxecto deste contrato, orixinadas polas seguintes causas:

- Por ampliacións da superficie dos parques infantís e as áreas biosaudables existentes.
- Pola incorporación de novos parques infantís ou áreas biosaudables ao patrimonio municipal. Neste caso, téñense en conta tanto as xa recepcionadas, como as que neste intre están en fase de execución da obra.
- Por incremento de unidades de bebedeiros e de bancos.
- Pola detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables.

Todos estes cambios se detallan no informe emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 11 de outubro de 2018, que se reproduce a continuación:

“1.1- Incremento de superficie en Parques infantís ampliados o incorporación de novas áreas recepcionadas.

Área	Superficie
P.I. Teixugueiras	37 m ²
P.I. Beade	143,04 m ²
P.I. Barrio das flores	66,41 m ²
P.I. Centro Cívico de Teis	369,46 m ²
P.I. de Pizarro	79,58 m ²



Concello de Vigo

P.I. Máis que Auga	176 m ²
--------------------	--------------------

1.2.- Incremento de superficie en Parques infantís ampliados o de nova instalación en fase de execución da obra.

Expediente	Área	Fase Expediente	Previsión Mantemento	Superficie
9908-446	P.I Praza Independencia	Acta comprobacion replanteo (13/09/18)	20/11/2018	396,35 m ²
10083/446	P.I Barreiro	Acta comprobacion replanteo (11/10/18)	01/12/2018	609,68 m ²
9811/446	P.I Pedro Alvarado	Acta comprobacion replanteo (08/10/18)	01/12/2018	799,38 m ²
10114/446	P.I Navia	Acta comprobacion replanteo (08/10/18)	01/12/2018	2.580 m ²
9385/446	P.I Rúa Venezuela	En execución	01/12/2018	274 m ²

1.4.- incremento de unidades de Bebedeiros.

- 5 unidades

1.5.- Incremento de unidades de Bancos

- 509 unidades

1.6.- Incremento de superficie en Áreas biosaludables :

Área	Superficie
Área biosaludable Vilagarcía-Bueu	120 m ²
Área biosaludable do Centro Cívico de Teís	115 m ²

2.- Detracción de superficie en áreas biosaludables.

Área	Superficie
------	------------

<i>Área biosaludable de Praia da punta</i>	- 313,97 m ²
<i>Parque infantil da Praza de Pedro Alvarado</i>	- 115,52 m ²

Cadro de Prezos Unitarios Vixente (segundo acordo da XGL de data 27/09/2018)

Tipoloxías	Prezo unitario vixente/ano
Parques infantís (m ²)	6,21
Áreas biosaludables (m ²)	6,21
Áreas deportivas ximnásticas (m ²)	6,21
Bancos (unidades)	15,1
Bebedeiros (unidades)	8,67

Cadro de importes de mantemento por Tipoloxías e Áreas.

Tipoloxias	Superficie (m²)	Prezo Unitario(€/ano)	Importe Anual (€/ano)
P.I Teixugueiras	37,00	6,21	229,77
P.I Beade	143,04	6,21	888,28
P.I Barrio das flores	66,41	6,21	412,41
P.I Centro Cívico de Teís	369,46	6,21	2.294,35
P.I de Pizarro	79,58	6,21	494,19
P.I Máis que Auga	176,00	6,21	1.092,96
P.I Barreiro	609,68	6,21	3786,11
P.I Pedro Alvarado	799,38	6,21	4964,15
P.I San Pelaio de Navia	2580	6,21	16.021,8
P.I Independencia	396,35	6,21	2461,33
P.I Venezuela	274	6,21	1701
Total Importe Anual			34.346,89



Concello de Vigo

--	--	--	--

Áreas Biosaludables	Ampliación	Detracción	Importe Anual (€/ano)
Vilagarcía-Bueu	120,00		745,2
Centro Cívico de Teis	115,00		714,15
Praia da Punta		-313,97	-1.949,00
Pedro Alvarado		-115,52	-717,38
Total Importe Anual			1.207,03

Bancos	Ampliación	Importe Anual (€/ano)
Total Importe Anual	509,00	7.685,90

Bebedeiros	Ampliación	Importe Anual (€/ano)
Total Importe Anual	5,00	43,35

Cadro resumo de custes anuais por tipoloxía

Tipoloxías	Custe económico anual
Parques infantís	34.346,89
Áreas biosaludables	-1.207,03
Áreas deportivas ximnásticas	0,00
Bancos	7.685,90
Bebedeiros	43,35
Total	40.869,11€

Polo tanto, o importe total da modificación é de 40.869,11 €/ano, e dicir, 3.405,76€/mes, polo que o importe total nos 6 meses restantes ata a finalización do contrato é de 20.434,55€.

A ampliación do contrato (expediente 8732/446) empezouse a prestar o 9/06/2016 supoñendo un incremento do custe de 89.305,41€ dos que 70.630,47 € estaban exentos de custe (5% do importe de adjudicación).

Dado que o importe do contrato pódese incrementar ata o 10% do importe de adxudicación, isto supón 141.260,95€ ó longo de todo o contrato, e tendo en conta que xa se consumiron 89.305,41€ restan por consumir 51.955,54€.

Considerando que a prestación se inicie o 1 de novembro de 2018, quedan 6 meses de contrato o que supón 20.434,55€ polo que restan por consumir 31.520,98€.

Dado que existen parques infantís nos que se están realizando obras non se poden incorporar o mantemento ata a firma de acta de recepción das obras, polo que o cálculo dos custos de mantemento e o seguinte:

Parques infantís nos que a prestación iniciase o 1/11/2018

Tipoloxías		Custe Mensual	Custe 1/11 /2018 ata 31/12/2018	Custe 1/1/2019 ata 30/04/2019
------------	--	---------------	---------------------------------	-------------------------------

Parques infantís

P.I Teixugueiras	19,15 €	38,30 €	76,59 €
P.I Beade	74,02 €	148,05 €	296,09 €
P.I Barrio das flores	34,37 €	68,74 €	137,47 €
P.I Centro Cívico de Teis	191,20 €	382,39 €	764,78 €
P.I de Pizarro	41,18 €	82,37 €	164,73 €
P.I Máis que Auga	91,08 €	182,16 €	364,32 €

Áreas Biosaludables

Vilagarcía-Bueu	62,10 €	124,20 €	248,40 €
Centro Cívico de Teis	59,51 €	119,02 €	238,05 €



Concello de Vigo

Bancos	509 Unidades	640,49 €	1.280,98 €	2.561,97 €
Bebedeiros	5 Unidades	3,61 €	7,22 €	14,45 €
SUBTOTAL		1.216,55 €	2.433,1€	4.866,85€

Parques infantís nos que a prestación iníciase o 1/12/2018 e o 1/1/2019

Tipoloxías		Custe Diario	Custe Mensual	Custe ano 2018	Custe ano 2019
Parques infantís	P.I.Praza Independencia	6,84	205,2	273,6	820,8
	P.I Barreiro	10,52	315,60	420,80	1.262,40
	P.I Pedro Alvarado	13,79	413,70	551,60	1.654,80
	P.I Navia	44,50	1.335,00	0,00	5.340,00
	P.I Rúa Venezuela	4,73	141,90	425,70	567,60
	SUBTOTAL		80,38	2.411,40	1.671,70

Os importes económicos que se imputarán, durante os 6 meses de contrato, son:

Ano de aplicación	Período	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2018	Do 1 de novembro a 31 decembro	4.104,80	0,29
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 30 de abril	14.512,45	1,03
Total		18.617,25	1,32

O custe mensual do contrato unha vez aprobada a revisión será de **34.227,44 €/mes** como resultado de sumar o importe actualizado do contrato 30.821,47 €/mes (XGL de data

27/09/2018) co importe da ampliación 3.628,22€/mes e unha vez detraído o importe do P.B. Praia da punta 162,47 €/mes e P.B. Pedro Alvarado 59,78 €/mes

Considerando que xa se consumiron 89.305,41 € (Expediente 8732/4469) e que o importe máximo de modificación son 141.260,95€ (10% do importe de adxudicación) en toda a vixencia do contrato unha vez aprobada esta modificación restan por consumir 33.378,29€.

No caso de que o inicio da prestación comence con posterioridade a data indicada nos cadros anteriores, os importes correspondentes sufrirán o desconto proporcional que corresponda.”

Este informe complementouse polo citado xefe do servizo en data 13 de decembro de 2018, nun informe no que se citan os expedientes dos que derivan as modificacións propostas (aumentos ou detrimentos de novas áreas ou unidades de bancos ou bebedeiros). Así mesmo, se procede a actualizar as táboas de prezos da modificación á data actual, así como o comezo da prestación:

Proposta económica da modificación

Parques infantís nos que a prestación iniciase o 17/12/2018

Tipoloxías		Custe Mensual	Custe 17/12 /2018 ata 31/12/2018	Custe 1/1/2019 ata 30/04/2019
------------	--	---------------	----------------------------------	-------------------------------

Parques infantís				
	P.I Teixugueiras	19,15 €	9,58 €	76,60 €
	P.I Beade	74,02 €	37,01 €	296,08 €
	P.I Barrio das Flores	34,37 €	17,19 €	137,48 €
	P.I Centro Cívico de Teis	191,20 €	95,60 €	764,80 €
	P.I de Pizarro	41,18 €	20,59 €	164,72 €
	P.I Máis que Auga	91,08 €	45,54 €	364,32 €
SUBTOTAL:		451,00 €	225,51 €	1.804,00 €



Concello de Vigo

Áreas Biosaludables				
	Vilagarcía-Bueu	62,10 €	31,05 €	248,40 €
	Centro Cívico de Teis	59,51 €	29,76 €	238,04 €
SUSUBTOTAL:			60,81 €	486,44 €

Bancos	509 Unidades	640,49 €	298,89€	2.561,97 €
Bebedeiros	5 Unidades	3,61 €	1,81 €	14,45 €
SUBTOTAL:			300,70 €	2.576,42 €

TOTAL:	Custe 17/12 /2018 ata 31/12/2018	Custe 1/1/2019 ata 30/04/2019
	587,02 €	4.866,80 €

Parques infantís nos que a prestación iníciase en función da data de recepción:

Tipoloxías Parques infantís		Custe Diario	Custe Mensual	Custe ano 2018	Custe ano 2019
	P.I.Praza Independencia	6,84	205,20 €	102,60 €	820,80 €
	P.I Barreiro	10,52	315,6	102,6e	1.262,40 €
	P.I Pedro Alvarado	13,79	413,7	82,74€	1.654,80 €
	P.I Navia	44,50	1335	267€	5.340,00 €
	P.I Rúa	4,73	141,9	47,30 €	567,60 €

	Venezuela				
SUBTOTAL:		80,38€	2.411,40 €	602,24 €	9.645,60 €

Os importes económicos que se imputarán, durante o tempo restante do contrato:

Ano de aplicación	Período	Importe	% Adjudicación do prezo do contrato
Ano 2018	Do 1 de novembro a 31 decembro	1.189,26 €	0,08
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 30 de abril	14.512,45 €	1,03
TOTAL:		15.701,71 €	1,11

Podemos concluír, á vista destes informes que a modificación proposta obedece a incrementos e detraccións das superficies de parques infantís e áreas biosaudables, así como un incremento de unidades do mobiliario urbano obxecto deste contrato. A mesma esta comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP, implica un incremento do prezo do contrato de 15.701,71 €, o que supón un 1,11 % do prezo do mesmo. Aínda que este contrato xa se modificou un 6,54% en data 13 de maio de 2016, o importe da suma de ambas modificacións, 7,65%, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.



Concello de Vigo

- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación é dun 1,32 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento dos parques infantís e as áreas biosaudables de nova creación ou cuxa superficie resultou incrementada. A promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre é unha competencia municipal en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, a modificación supón un incremento do importe do contrato a aboar ao contratista de 15.701,71 €.

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito con data 22 de novembro de 2018. En consecuencia, procede formular proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez adoptado este, deberá notificarse ao contratista para estes efectos, para que proceda ao seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

Co escrito de alegacións en trámite de audiencia, o contratista achega o documento de constitución do aval complementario na Tesourería municipal por importe de 930,86 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.



Concello de Vigo

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 11 de outubro de 2018, e o informe complementario de data 13 de decembro do mesmo ano, que consistirán nun incremento de superficie en parques infantís ampliados, en incorporación de novas áreas recepcionadas ou de nova instalación en fase de execución da obra, incremento de unidades de bebedeiros, incremento de unidades de bancos, e no incremento ou detracción de superficie en determinadas áreas biosaudables nos termos sinalados no citado informe.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 15.701,71 euros, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 11 de outubro de 2018, e o informe complementario de data 13 de decembro do mesmo ano:

* Ano 2018 (17 de decembro ao 31 de decembro):

TOTAL: 1.189,26 € (0,08%)

* Ano 2019 (1 de xaneiro ao 30 de abril):

TOTAL: 14.512,45 € (1,03%)”

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.

3º.- Comprobar a garantía definitiva depositada na Tesourería municipal con nº operación 201800093710 con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE, (RA. 17/12/18)
Francisco Javier Pardo Espiñeira.